

O MARCO DA INFORMACIÓN AMBIENTAL NAS CONTAS ANUAIS. O TRATAMENTO DE REFUGALLOS INDUSTRIAIS E A EXPERIENCIA DA IMPLANTACIÓN EN GALICIA

JOSÉ LUIS ÁLVAREZ GARCÍA

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade da Coruña

Recibido: 6 novembro 2002

Aceptado: 25 novembro 2002

Resumo: Tras anos de desenvolvemento económico alleo ó impacto da actividade económica sobre o medio ambiente, o concepto de desenvolvemento sostible gañou terreo en tódolos ámbitos da sociedade. Especialmente a articulación dunha normativa ambiental cada vez máis abundante puxo de manifesto a necesidade de que tódolos axentes económicos e, en particular, as empresas asuman a súa responsabilidade e internalicen os custos ambientais das súas actividades. Os recentes desenvolvementos en materia de lexislación ambiental derivaron nunha evolución do principio de quen contamina paga a un principio baseado en quen contamina verá limitada a súa capacidade para producir e vender, véndose así impelido a adoptar medidas de prevención, control e reparación do seu impacto ambiental a fin de garanti-la súa continuidade na actividade económica. Neste contexto de control externo da actuación ambiental das empresas, tamén é crecente a tendencia a requirir e a incorporar unha maior información ambiental nas contas anuais. En España, a información financeira ambiental que deben presentar as empresas é sometida por primeira vez a regulación coa adaptación sectorial do Plan Xeral de Contabilidade ás empresas do sector eléctrico no ano 1998. Un dos principais problemas ambientais derivados da actividade empresarial é a xeración de refugallos. A súa eliminación e control pasa por reforza-la responsabilidade ambiental das empresas a través das medidas anteriores, a articulación de axudas para a súa xestión e a implantación de medidas de inertización dos refugallos xerados que eviten unha futura contaminación. En Galicia, a Sociedade Galega de Residuos Industriais é a encargada de poñer en práctica esas medidas.

Palabras clave: Información ambiental / Responsabilidade ambiental / Lexislación ambiental / Tratamento de refugallos.

THE ENVIRONMENTAL INFORMATION FRAMEWORK IN FINANCIAL STATEMENTS. INDUSTRIAL WASTE HANDLING AND IMPLEMENTATION EXPERIENCE IN GALICIA

Abstract: After years of economic development oblivious to the economic activity's environmental impact, the sustainable development concept has gained ground in all the spheres of society. Particularly, the articulation of a growing environmental regulation has revealed the necessity of all economic agents, and in particular business, assuming its responsibility and internalizing the environmental costs of their activities. Recent developments in the field of environmental legislation have derived in a transition from the polluter pays principle towards a principle based on that who pollutes will find its ability to produce and sell limited, what will motivate the adoption of prevention, control and reparation measures of its environmental impact in order to guarantee its continuity at the economic activity. In this context of external control of the firms' environmental performance, there is also a growing tendency towards the requirement and incorporation of environmental information at financial statements. In Spain, the financial environmental information that firms must hand in was first time subjected to regulation with the sectorial adaptation of the Accountability General Plan to the electric sector firms in 1998. One of the main environmental problems coming from business activities is the generation of waste. Its disposal and control needs the reinforcement of the environmental responsibility of firms through the former measures, through economic aids for its management and the implementation of inertization measures of the generated waste in order to avoid future pollution. In Galicia, The Galician Society of Industrial Waste is the responsible for putting into practice such measures.

Keywords: Environmental information / Environmental responsibility / Environmental legislation / Waste disposal.

1. A CONCIENCIA ECOLÓXICA

As liñas clásicas do pensamento económico consideraron que moitos bens naturais (auga, aire, espacios naturais, etc.) eran gratuítos dada a súa abundancia e porque se consideraban practicamente inesgotables. Co transcurso do tempo, a sobre-explotación e a contaminación produciron unha concienciación ecolóxica xeneralizada que levou a considerar eses bens como ameazados e, polo tanto, necesitaban ser protexidos ó consideralos como esenciais para a supervivencia da humanidade.

Unha parte moi importante dos países industrializados construíron o seu desenvolvemento cunha mínima preocupación sobre o futuro sostible do planeta: o obxectivo de producir a custos cada vez máis reducidos e a capacidade do planeta para asimila-los desequilibrios ecolóxicos que só se detectaron a longo prazo alertáronos a conciencia dunha poboación preocupada por aspectos que consideraban máis urxentes e prioritarios: desenvolvemento económico, emprego, nivel de vida, etc.

Cando a alarmante situación creada nos países máis avanzados mostrou a evidencia dunha deterioración cada vez máis incontrolada, xerouse unha conciencia xeneralizada sobre a protección do medio. A imparable corrente ecoloxista prendeu en colectivos políticos e sociais que se empeñaron en tratar de corrixi-las dramáticas condicións nas que quedaban os solos, os leitos fluviais e os mares derivados do vertido incontrolado das industrias. Os gobernos dos países comezaron a incluír nos seus programas medidas para recupera-la contorna e a dedicar nos seus orzamentos cantidades cada vez máis importantes para corrixi-los danos que de forma incontrolada e cada vez máis crecente atentaban contra a saúde do planeta.

2. O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A conciencia social deste grave problema e a actuación de organismos cada vez máis belixerantes con esta situación provocaron que os partidos políticos e os gobernos consideraran prioritaria a adopción de medidas que corrixiran ou paliaran os graves problemas de contaminación. Pero houbo que agardar ó ano 1992, cando os principais líderes mundiais asinaron a Declaración de Río, para que se proclamara que o dereito ó desenvolvemento debe exercerse de tal forma que responda equitativamente ás necesidades ambientais de desenvolvemento das xeracións presentes e futuras. Este é o principio de “desenvolvemento sostible” que se consolidou como criterio para unha ética ambiental común adaptable ás diferentes formas de entender-lo mundo e a economía.

O desenvolvemento sostible implantouse como a nova estratexia socioambiental para o século XXI. A sostibilidade consiste na habilidade dos humanos para adaptarse a un factor limitante: a capacidade da contorna de asumi-la presión humana sen que os recursos naturais e as relacións sociais se vexan degradados de maneira irreversible. O desenvolvemento sostible formúlase como o proceso de cambio gradual do modelo socioeconómico actualmente imperante, e basea a súa estratexia

en catro principios fundamentais: a utilización de forma eficiente dos recursos naturais e da enerxía, non consumi-los recursos renovables por riba da súa taxa de substitución, non verter refugallos en cantidades e calidades non asimilables por parte dos sistemas naturais e manter *in situ* a biodiversidade planetaria.

O desenvolvemento sostible vai acompañado, así mesmo, da idea de equidade: engloba tódolos habitantes do planeta e reivindica o seu dereito a gozar dos recursos naturais comúns da Terra, tanto no presente coma no futuro. No informe Brundtland de 1985, indicábase que o desenvolvemento sostible satisfai as necesidades das xeracións actuais sen poñer en perigo a satisfacción das necesidades das xeracións futuras.

Nun primeiro momento, as medidas gobernamentais eran fundamentalmente de carácter normativo e coercitivo para as empresas co fin de dete-los danos que puideran producirse cara ó futuro, establecendo regulacións cada vez máis estritas sobre a produción e o tratamento de refugallos industriais. A industria comezou a soporta-lo custo da eliminación da contaminación baseándose no aforismo repetido de quen contamina paga. Posteriormente, alertados polas consecuencias dos estragos producidos nas épocas do desenvolvemento industrial desde comezos de século, comprobouse que non era suficiente establecer medidas para evita-la contaminación de cara ó futuro, senón que cumpría corrixi-las deterioracións que se produciran no pasado recente; pero neste problema era difícil trasladar-la responsabilidade económica cara ós suxeitos económicos que as causaran no pasado cando non existían medidas reguladoras, e por iso os gobernos tiveron a necesidade de asumir cantidades cada vez máis importantes nos seus orzamentos para resolve-lo *stock* de refugallos industriais contaminantes producidos no pasado.

3. QUEN CONTAMINA NON PODE PRODUCIR NIN VENDER

Esta nova liña de pensamento purificador xerou a aparición de normas ambientais moi precisas que, a pesar de que se promulgaron hai pouco tempo, están a ser implantadas a un ritmo non suficiente pero cada vez máis crecente. E estas normas xa non tenden a considerar que “quen contamina paga”, que sería como establecer unha bula ecolóxica, senón que se rexen polo novo concepto de “quen contamina non pode producir nin vender”. Deste xeito, considérase que non contamina quen produce refugallos perigosos senón aquel que non os trata adecuadamente. A industria en si mesma non é perniciosa para o medio natural, senón que é perniciosa e debe ser expulsada da contorna económica aquela que non adopta as medidas adecuadas para reduci-la produción de refugallos perigosos ou aquela que non trata correctamente aqueles que se xeren no seu proceso industrial.

Os cidadáns esixen cada vez con máis insistencia que se adopten as medidas necesarias para evita-la degradación paulatina da súa contorna local, pero ademais demandan de tódolos gobernos en xeral que a solución sexa global para o planeta. E estes cidadáns que son usuarios, consumidores de produtos, clientes, votantes,

etc. dirixen as súas protestas cada vez máis acendidas cara ás industrias que atentan contra o ambiente e cara ós poderes públicos se non actúan con dilixencia.

4. A RESPONSABILIDADE POLÍTICA E EMPRESARIAL PRESENTE E FUTURA

O problema fundamental do tratamento de refugallos industriais céntrase na transmisión cara ó exterior por parte da empresa dunha carga que debería ser interna. Este traspaso de cargas implica un aforro para a empresa que, en pura xustiza económica, debería soportala entidade que o provoca. Xorde, polo tanto, a necesidade de transmitirle á empresa (internalización de custos) a carga producida pola externalización previa.

A cada vez máis completa lexislación ambiental que, de acordo coas normativas internacionais, deben aplica-los países industrializados implica dunha forma crecente a tódolos estamentos implicados no tema; os gobernos e as empresas están tendo que asumir de forma crecente e imparabile as previsibles consecuencias da súa actuación e non cabe mirar cara a outro lado como viña sendo habitual.

E esta conciencia social e política é lóxica se temos en conta que a produción de refugallos tóxicos e perigosos en España alcanza un total de 1,7 millóns de toneladas ó ano, o que equivale a unha capacidade en metros cúbicos como para rebordear tódolos estadios de fútbol de primeira división. En Galicia os últimos datos dispoñibles constatan a cantidade de 100.000 toneladas, é dicir, aproximadamente o 2% da produción nacional, aínda que o ritmo de crecemento en Galicia nos últimos 5 anos é moito máis elevado ca no resto do territorio nacional a medida que se vai producindo un progresivo desenvolvemento industrial.

A sensibilidade da poboación e da sociedade en xeral ante a degradación ambiental produciu nos últimos anos unha proliferación de normas ambientais cunhas consecuencias futuras que aínda non foron razoablemente avaliadas. A transixencia coa que se castigan os delitos ambientais débese fundamentalmente á aplicación forense do artigo 347-bis do Código penal, debido á determinación da proba da relación entre a acción inicialmente individualizada como supostamente típica e o resultado producido. As dúbidas prodúcense non só pola redacción pouco precisa do precepto, senón tamén polas dificultades evidentes que xorden cando se trata de concretar se se produciu efectivamente un dano para o medio natural. Todo isto orixina numerosas sentencias absolutorias baseadas nos principios *in dubio pro reo* e na presunción de inocencia, que orixinan un considerable malestar tanto naqueles sectores da sociedade que consideran burlada a lei e o respecto a un interese constitucionalmente recoñecido no artigo 45 da Carta Magna, como na propia xudicatura, que se queixa nas múltiples sentencias dictadas ata a data de graves defectos na realización da proba (sobre todo pericial) que impide a formulación de probas de cargo.

Pero sería iluso pensar que esta situación pode durar no tempo e que estaríamos na anacrónica situación de dispoñer dunha lexislación ambiental adecuada que, sen embargo, non ten forza coercitiva para poder ser imposta.

Non resulta difícil predicir que nos próximos anos se producirán denuncias nas que se verán implicadas as empresas que ocasionaron os danos ecolóxicos, pero tamén se verán implicados altos executivos e administradores, xunto con políticos que non adoptaron as medidas adecuadas de control e vixilancia.

Na miña opinión, estamos nunha situación parecida á da implantación das normas do imposto sobre a renda e do imposto sobre sociedades. Nos anos setenta e oitenta era frecuente escoitar comentarios sobre as prácticas creativas para eludirlas obrigas fiscais, considerándose aqueles que as practicaban coma expertos alquimistas económicos que obtiñan pingües rendementos pola redución dos seus custos fiscais. O grao de perfeccionamento das normas e as cada vez máis precisas comprobacións inspectoras deron lugar a que moitos dos que noutrora lucían as súas habilidades tiveran que soportar dolorosas consecuencias polos exercicios non prescritos, ademais de ter que sufrila desagradable situación da imaxe pública que deles proxectaban os medios de comunicación.

No eido ambiental as consecuencias poden ser máis graves por canto non está clara a posible prescrición destes delitos e, en consecuencia, en tanto un vertido incontrolado poida seguir causándolle danos á natureza ou ás persoas, o delito poderá ser castigado.

5. A INDUSTRIA E A XESTIÓN AMBIENTAL

Esta inquietude ecolóxica predeu no ámbito empresarial, onde a imaxe externa é tan importante para o futuro da empresa. Estas comezaron a asumir os custos derivados da protección ambiental por propia convicción ou polos negativos impactos que poden ter ou soportar ante a opinión pública informacións sobre os danos que poidan causar.

Se a calidade busca a satisfacción completa das necesidades do cliente, non pode deixar á marxe a conservación e a mellora do medio, de modo que non pode producirse ningún ben nin prestar ningún servizo que poida ser de calidade se se agride o medio natural. Nesta liña, o Regulamento da CEE 1836/93 fai referencia ós sistemas de xestión e auditoría de calidade e nel establécense os requisitos que deben cumprir os sistemas de xestión e auditorías ambientais adaptando a norma internacional ISO 10011 (*Guidelines for Auditing Quality Systems*). Do mesmo modo, as normas nacionais UNE 77/801/93, sobre implantación dun sistema de xestión ambiental, e a UNE 77/802/93, sobre auditorías ambientais, emitida por AENOR como organismo encargado de adaptalo anterior regulamento a España, desenvolvéronse en coherencia coa norma UNE 66/904/89 sobre sistemas de xestión da calidade.

A revisión da serie ISO 9000, que abranguerá tódolos campos de xestión (non só os de calidade) e que está sendo levada a cabo pola Organización Internacional de Normalización, deu lugar á aparición da serie ISO 14000 que recolle os aspectos principais da xestión e auditoría ambiental.

A asunción da responsabilidade por parte das empresas nesta materia non pode ser considerada como unha penalización ou como unha ameaza aínda que a curto prazo puidese parece-lo contrario. Esta responsabilidade vai posibilitar unha mellora na competitividade empresarial a través de procesos como a mellora na eficiencia do proceso productivo, xeración dunha imaxe de empresa e de produtos respectuosos co medio natural, contribución á obtención da calidade total nas empresas, etc.

A industria non pode sentirse acosada por unha presión externa derivada dunha conciencia pública que quere limpeza cada vez con máis insistencia. A empresa e os empresarios teñen que asumir que as reducións de custos do seu negocio non poden vir da externalización dos danos ecolóxicos e que deberán proceder a realiza-los investimentos necesarios para reduci-la produción de refugallo tóxicos e perigosos e, ademais, que aqueles que produzan sexan tratados adecuadamente para evita-lo seu potencial efecto contaminante.

Non facelo así co obxectivo de aforrar custos actuais significa poñer en perigo o principio de xestión continuada da empresa (que poderá verse implicada no futuro en graves consecuencias económicas polas sancións ou polas indemnizacións que deba soportar), ó tempo que se lles trasladan riscos penais ós administradores e ós executivos das empresas que deberán responder das súas actuacións no caso de que se cometa un delito ecolóxico, ou á propia clase política pola súa posible negligencia na vixilancia e no control dos danos ecolóxicos que poden produci-las empresas.

6. A AUDITORÍA EMPRESARIAL COMO SISTEMA DE INFORMACIÓN PÚBLICA DOS RISCOS AMBIENTAIS

A preocupación existente sobre os posible riscos ambientais deu lugar á necesidade da participación do auditor financeiro co fin de manifesta-la súa opinión sobre as consecuencias que puideran derivarse do incumprimento da lexislación ambiental. Na actualidade, o marco da revisión ambiental para a detección de riscos con impacto nas contas anuais aínda está en vías de desenvolvemento. Non obstante, o RD 437/98, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade para as empresas do sector eléctrico, constitúe xa un primeiro paso cara á aproximación dos conceptos de medio natural e de auditoría.

Para os efectos de comparación con outros países, é interesante indicar que en Dinamarca a información ambiental se facilita a través dun informe independente das contas anuais, de contido máis ou menos libre, pois só existe unha limitada regulación dese informe, mentres que noutros países, como Suecia, a información

ambiental se reflicte no informe de xestión. En certos países como Alemaña, ademais, as autoridades locais esixen informes específicos. En calquera caso, a tendencia é a de incorporar cada vez unha maior información ambiental nas contas anuais, circunstancia que xa se dá de forma expresa en Canadá e nos Estados Unidos.

Estamos, polo tanto, no inicio dunha etapa que está marcada polo control externo da actuación ambiental da empresa. Ata hai pouco tempo só aquelas actuacións das organizacións ecoloxistas e os movementos cidadáns que aquelas arrastraban causaban algúns problemas ante as actuacións irregulares. Estamos nun momento no que son moitos máis os colectivos que están implicados neste problema.

A necesidade crecente de facilita-la transparencia e a información a terceiros, como forma de que os comportamentos sexan apreciados pola sociedade, conduciu á declaración esixida para participar no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambientais (EMAS), regulado no Regulamento (CE) nº 761/2001, do Parlamento europeo e do Consello. Pero, ademais desta información que pode cualificarse de estrictamente ambiental, obrígase a presentar información nas contas anuais das obrigas e das contingencias que lle afecten ou que lle poidan afectar no futuro ó equilibrio económico-financiero da sociedade, cumprindo así o requisito de achegarlles ós usuarios interesados a dita información que toda contabilidade que pretenda alcanzar a imaxe fiel debe cumprir.

Neste sentido, a Comisión Europea dictou a Recomendación de 30 de maio de 2001, relativa ó recoñecemento, medición e publicación das cuestións ambientais nas contas anuais e nos informes anuais das empresas, baseándose fundamentalmente no regulado polo *International Accounting Standards Board* e nas distintas normas que afrontan estes temas, así como a posición mantida polo Grupo de Traballo sobre Normas Internacionais de Contabilidade e Información (ISAR) das Nacións Unidas.

7. TENDENCIAS EN ESPAÑA PARA O TRATAMENTO CONTABLE DA INFORMACIÓN AMBIENTAL

A regulación sobre a información financeira ambiental que deben presenta-las empresas en España aparece regulada por primeira vez na adaptación sectorial do Plan Xeral de Contabilidade ás empresas do sector eléctrico (RD 437/1998, de 30 de marzo), que se basean nas disposicións que xorden da Lei 54/1997, de 27 de novembro, de regulación do sector eléctrico.

No modelo normal e abreviado da memoria que deben presenta-las empresas eléctricas (posteriormente ampliada ás adaptacións sectoriais publicadas despois como as sociedades concesionarias de autoestradas, sector de abastecemento e saneamento de auga, etc.) figura expresamente o contido da información ambiental que se refire a:

- NOTA 4. Normas de valoración: actuacións empresariais con incidencia no medio natural, proxectos de aforro e eficiencia enerxética.
- NOTA 18. Ingresos e gastos: información sobre gastos do exercicio relacionados con proxectos de aforro e eficiencia enerxética.
- NOTA 19. Información sobre medio ambiente:
 - Descrición e características dos elementos do inmovilizado material que teñan como fin a minimización do impacto ambiental e a protección e a mellora do medio.
 - Gastos incorridos no exercicio que teñan como fin a protección e a mellora do medio natural, distinguindo entre gastos ordinarios e extraordinarios.
 - Riscos e gastos cubertos polas provisións correspondentes a actuacións ambientais.
 - Continxencias relacionadas coa protección e a mellora do medio natural.

Os resultados alcanzados con esta esixencia legal, malia ser insuficientes, demostran que da revisión das contas anuais publicadas por 44 compañías que cotizan no mercado continuo da Bolsa de Madrid (non se inclúen financeiras nin aseguradoras) nos exercicios de 1996 ó 2000 produciuse un incremento das empresas que subministran información ambiental con carácter voluntario. Do total das empresas analizadas obtivéronse os seguintes datos (táboa 1).

Táboa 1

| INFORMACIÓN AMBIENTAL | 1996 | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 |
|------------------------------|------|------|------|------|------|
| Carta do presidente | 3 | 6 | 7 | 11 | 6 |
| Política ambiental | 14 | 19 | 20 | 21 | 25 |
| Sistema xestión ambiental | 9 | 17 | 17 | 24 | 24 |
| – INFORMACIÓN NON FINANCEIRA | | | | | |
| Gastos ambientais | 1 | 1 | 5 | 6 | 7 |
| Investimento ambiental | 9 | 14 | 14 | 18 | 12 |
| Provisión ambiental | 4 | 5 | 4 | 6 | 4 |
| – INFORMACIÓN FINANCEIRA | | | | | |

FONTE: Moneva e Cuéllar en *Boletín AECA*, núm. 57, p. 37.

Os datos anteriores demostran que aínda non existe unha conciencia empresarial sobre o impacto ambiental da actividade que desenvolven as empresas. É un feito certo que entre os usuarios da información financeira non se reclama esta información, se cadra por considerar que o impacto dos datos ambientais non ten por qué influír sobre os resultados e, en consecuencia, sobre o dividendo. O lixeiro incremento que se detecta permite albergar esperanzas na cantidade e na calidade da mellora da información no curto prazo xa que, ante impactos ambientais relevantes, o mercado penaliza as compañías dos sectores implicados.

8. OS REFUGALLOS INDUSTRIAIS EN GALICIA

No caso concreto de Galicia, a sensibilidade por protexe-la contorna ambiental derivada da produción de refugallos industriais perigosos deu lugar á creación da *Sociedad Gallega de Residuos Industriales*, sociedade mixta na que participa a Xunta de Galicia e accionariado galego fundamentalmente e que se constituíu en 1997 co fin de dete-la progresiva deterioración ambiental derivada dos refugallos industriais tóxicos e perigosos mediante a instalación en Galicia dunha planta que solucionase a súa inertización.

Para afrontar esta solución acometéronse unha serie de medidas que de maneira secuencial podemos resumir nas seguintes:

- a) Identifica-la magnitude do *stock* de refugallos industriais perigosos que procedían de épocas pasadas co fin de tipificalos e de coñecer así o seu potencial de perigo polo seu deficiente almacenamento ou a súa posible capacidade contaminante e co fin de avalia-lo custo da súa eliminación.
- b) Identifica-la cantidade de refugallos industriais que de forma periódica se producen na comunidade e determina-la súa condición de perigosos ou non en función da tipoloxía ambiental internacional.
- c) A elección do modelo de tratamento e a construción e a posta en explotación dunha planta de tratamento de refugallos industriais sólidos e líquidos, coa capacidade suficiente para levar a cabo o tratamento da maior parte dos producidos na Comunidade galega.
- d) Comunicarlles ás empresas galegas as solucións que poidan adoptarse para resolve-los seus problemas de contaminación.

Como resultado das medidas anteriores, procedeuse á construción da Planta de Residuos Industriais no Concello de Somozas, que se caracteriza por ser unha planta de reducidas dimensións acorde á cantidade de refugallos que poidan producirse na Comunidade nos próximos 25 anos, pero con posibilidade de tratamento da maior parte dos refugallos industriais (planta físico-química, planta de inertización, planta de depuración biolóxica, planta de reciclado de pilas e baterías usadas, planta de evaconcentración de efluentes líquidos lixiviados).

Nos últimos anos, os resultados alcanzados resúmense nos seguintes datos obtidos das contas anuais de SOGARISA:

- O *stock* de produtos tóxicos de épocas pasadas está identificado e xa foron tratados un total do 67%, con especial incidencia no ano 2000.

- A actividade desenvolvida no número de toneladas tratadas e o número de clientes que trataron os seus produtos durante o período 1995 ó 2001 resúmense nos seguintes datos (táboa 2).
- As análises químicas realizadas na planta de Somozas converteron o laboratorio de SOGARISA nun dos máis importantes do Estado, cun total de 200.000 análises realizadas no ano 2001, o que permitiu identifica-lo 98% do potencial de refugallo industriais da Comunidade.

Táboa 2

| ANOS | Nº TONELADAS | Nº CLIENTES |
|------|--------------|-------------|
| 1995 | 52 | 2 |
| 1996 | 20.135 | 131 |
| 1997 | 31.036 | 162 |
| 1998 | 41.952 | 180 |
| 1999 | 84.523 | 293 |
| 2000 | 125.858 | 453 |
| 2001 | 104.665 | 634 |

9. CONCLUSIÓNS

A conciencia ecolóxica da poboación (institucións, empresas, poboación en xeral), esporeada pola presión de colectivos moi sensibles ós temas da defensa da natureza, impuxo no mundo a convicción da necesidade dun “desenvolvemento sostible”, que se consolidou como criterio para unha ética ambiental común, adaptable ás diferentes formas de entende-lo mundo e a economía.

A necesidade de corrixi-los desastres ecolóxicos padecidos nas etapas de desenvolvemento desordenado nos países industrializados no século XX e a vocación de impedir no futuro as agresións ó medio pola actuación incontrolada das industrias provocaron a paulatina aparición de normativa nacional e internacional para defende-lo medio natural.

Coa aparición da normativa xorden as responsabilidades dos políticos e das empresas polas súas actitudes negligentes, para os que non existe prescrición legal. Podemos intuí-las responsabilidades políticas e xurídicas que no futuro recaerán sobre empresas e gobernos pola súa actuación ilegal, tanto por face-lo mal como por non evitar que outros o fixeran.

Para elimina-la contaminación industrial na orixe, debe producirse:

- Que exista interese empresarial e político para logralo.
- Que existan medios e axudas suficientes para impedi-la súa existencia, e/ou reduci-la súa contía, e/ou eliminala por reciclado ou por reutilización non contaminante.

- Que no caso de que non exista a posibilidade de evita-la súa existencia, que se proceda á súa eliminación mediante técnicas de inertización que eviten unha futura contaminación.

Para elimina-los refugallos industriais contaminantes necesítase, ademais:

- Que existan instalacións tecnoloxicamente adecuadas e persoal técnico capacitado para conseguirla inertización.
- Que os custos de inertización sexan proporcionados ó beneficio da depuración conseguida.
- Que exista un control efectivo sobre a produción de refugallos e o seu tratamento.

A nova concepción de empresas con calidade ambiental:

- Do anterior aforismo ecolóxico de “quen contamina paga”, estase pasando ó novo aforismo de “quen contamina non pode producir nin vender”.
- O problema do medio ambiente industrial céntrase na transmisión por parte da empresa dunha carga interna ó exterior (externalización de custos). Este traspaso de cargas implica un aforro para a empresa que, en pura xustiza económica, debería soporta-la entidade que o provoca.
- O risco para a empresa de que os seus problemas ambientais sexan coñecidos agrávase cada vez máis debido:
 - Á nova concepción da información que as empresas deben facilitar a terceiros: as continxencias que unha empresa pode ter como consecuencia dos seus incumprimentos ambientais serán destacadas inevitablemente nos estados financeiros, dadas as novas normas técnicas que os auditores terán que cumprir.
 - Á nova concepción do concepto de calidade coa prevista implantación da norma ISO 14000 que de maneira inevitable esixirá o cumprimento estricto da normativa ambiental.
 - Á necesidade dos políticos para evita-las súas posibles responsabilidades futuras por falta de actitude.

BIBLIOGRAFÍA

- AECA (1999): *Contabilidad de Gestión Medioambiental*. (Doc. 13, Serie de Contabilidad de Gestión). Madrid: AECA.
- AENOR (1996): *Sistemas de gestión medioambiental. Especificaciones y directrices para su utilización (ISO 14001: 1996). Norma UNE-EN ISO 14001*. Madrid: AENOR.
- FERNÁNDEZ CUESTA, C. (2001): “Sistema de gestión ambiental en la empresa”, *Partida Doble*, núm. 125, (setembro), pp. 48-61.
- ICAC (2002): *Informe sobre la situación actual de la Contabilidad en España y líneas básicas para abordar su reforma, (Libro blanco para la reforma de la contabilidad en España)*. Madrid.
- MONEVA, J.M.; CUÉLLAR, B. (2001): “Información medioambiental y mercado de capitales”, *Revista AECA*, núm. 57, (outubro-diciembre), pp. 35-39. Madrid.
- SABATÉ PRATS, P. (2001): “Problemática contable de los daños de medio ambiente. El caso del sector agrario”, *Revista Española de Financiación y Contabilidad*, vol. XXX, núm. 110, (outubro-diciembre), pp. 973-1000. Madrid.
- SOGARISA: *Cuentas anuales e informe de gestión de los ejercicios 1995 a 2001*.